



Concello  
de Pontevedra  
Xuventude



## **CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES PARA** **25 aniversario NOITES ABERTAS 2024**

Volta Noites Abertas coa súa 25 edición! Celebrarémolo cunha ampla oferta de ocio alternativo, participativo e inclusivo, para o que se abre a **CONVOCATORIA DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES**. Se eres asociación, empresa, autónomx, club deportivo, agrupación, etc, descarga a seguinte información e anímate a cubrir o formulario que se atopa na nosa web. Esta edición será aínda máis especial porque cumprimos 25 edicións! Alá queda aquela primeira do ano 1999.

### **A quen vai dirixida a convocatoria:**

Asociacións, empresas, profesionais autónomos/as , etc que traballen n o eido da xuventude

### **Características das actividades de Noites Abertas 2024:**

- Actividades de fin de semana (venres e sábados)
- Moitas serán actividades conmemorativas das 25 edicións
- Actividades interiores e exteriores. Preferencia actividades interiores debido á climatoloxía.
- Inscripción só para algunhas das actividades exteriores
- Diversas, accesibles, gratuitas e plurais: NA é un programa para todos os gustos e onde todas as temáticas teñen cabida.

**Poboación destinataria:** mocidade entre os 12 e os 30 anos. Todo o rango de idades ou algún tramo concreto

**Duración:** 2 horas máximo e mínima de 1 hora

**Número de sesións a propoñer:** máximo 4 e mínimo 1

**Datas:** venres e sábados: 26 e 27 de xaneiro, 2, 3, 23 e 24 de febreiro (parada de Entroido sen actividade), 1, 2, 8, 9, 15, 16, 22 e 23 de marzo de 2024.

**Horarios:** intervalo a escoller entre as 20:00 e as 00:00

**Espazos:** CEIP Froebel, Casa Azul, Local de Música, Pavillón Multiusos, Campos de Herba sintética da Xunqueira e prazas da cidade.

**Prazo de presentación de propostas:** do 29 de SETEMBRO ao 20 de OUTUBRO de 2023

Rematado o prazo, a Coordinación do programa Noites Abertas seleccionará as propostas de actividades en función dos criterios establecidos. A comunicación dos proxectos seleccionados realizarase a partir do mes de novembro de 2023

**Criterios para selección de propostas:**

- **Interese para a mocidade** Teranse en conta as avaliacións doutras edicións para valorar o interese das actividades propostas.
- **Actividades de ocio educativo** Construtivas, lúdicas e participativas; que teñan que ver coa promoción da igualdade, da cultura galega, da saúde, a interculturalidade, arte, música, gastronomía, xogos, medioambiente...
- **Viabilidade e inclusión** que se adapten a unha participación activa e inclusiva
- **Actividades interesantes** para conmemorar as 25 edicións

**FORMULARIO ON LINE PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA NOITES ABERTAS 2024**

<http://noitesabertas.gal>

### INFORMACIÓN

Oficina Municipal de Xuventude - Concello de Pontevedra

Casa da Luz - Pza da Verdura s/n, 1º

<https://xuventude.pontevedra.gal>

<http://noitesabertas.gal>

Queres quedar? Concertemos unha cita:

986840367 [noitesabertas@pontevedra.gal](mailto:noitesabertas@pontevedra.gal)